

Solución_COMPRENSIÓN ORAL: **O galego na Idade Media**
<https://www.youtube.com/watch?v=2NkbLgvRftk>

1. Que obra compuxo Afonso X, o Sabio? As Cantigas de Santa María.
2. Onde se garda un dos códices das Cantigas de Santa María? Na biblioteca do Escorial.
3. Como é o códice? Contén 417 cantigas en galego-portugués, está ilustrado con miniaturas e ten notación musical. A maioría das cantigas relata milagres sucedidos coa intervención da Virxe María (séc. XIII).
4. De que territorios era rei Afonso X? Galicia e Castela e León.
5. Como era a corte de Afonso X? Itinerante: a corte establecíase en Toledo, Burgos ou Sevilla dependendo da actividade do monarca nas guerras de reconquista contra os árabes.
6. En que se inspiraban os milagres da Virxe? En libros de erudición clásica e na tradición oral popular.
7. No ano 900 o territorio da actual Galicia, norte de Portugal, Asturias e León formaban unha unidade contra os árabes. Como era a sociedade? Feudal: señores e vasalos. Campesiños que traballan a terra, monxes que viven en pequenos mosteiros e nobres que os defendían e tiñan potestade sobre eles.
8. Que pasa en Compostela a partir do século XI? Convértese nun importante centro relixioso, político e cultural. Época de esplendor da arte románica e do Camiño de Santiago. (Chegan xentes e ideas de toda Europa)
9. Que reis están enterrados no panteón real da catedral de Santiago? Por que? Fernando II e Afonso VIII, reis de Galicia e León.
Evidencia a hexemonía política de Galicia no século XII. (Tamén o conde de Traba: Pedro Froilaz)
10. Por que se escriben as cantigas en galego-portugués? Polo poder político e social dos nobres galegos, por iso se escolle o galego-portugués para compoñer as cantigas medievais.
11. De cando data o Cancioneiro de Ajuda? (Manuscrito en pergameo) Finais do século XIII, pero non se descubriu ata finais do XIX. Máis de 300 composicións, cantigas de amor. 38 poetas diferentes: Paio Soares, Martín Soares, Paio Gomes Charinho. Trobadores como o crego Airas Nunes traballan no taller de Afonso X.
12. Por que se comeza a usar o castelán na prosa científica? Porque a reconquista está outorgando máis poder a outras cidades como Toledo e Sevilla.